

Aprobado polo pleno da corporación de data catorce de suyo de 2003.
Publicado no BOP nº 227 de data 2 de outubro de 2003

REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO E XESTIÓN DO COMPLEXO RESIDENCIAL ASISTIDO OU SEMIASISTIDO "MONTICAÑO"

CAPÍTULO 1: OBXECTO

Primero.-

A presente normativa ten por obxecto regulalo funcionamento do Complexo Residencial asistido ou semiasistido para ancianos "Monticaño".

CAPÍTULO 2: DEFINICIÓN DO SERVICIO E PRESTACIÓNS

Segundo.-

O Complexo Residencial asistido ou semiasistido inclúese dentro do sistema de servizos sociais municipais cun enfoque de atención especializada dirixida ó colectivo de vellez para o desenvolvemento das prestacións que se definen e tendo como usuari@s a aquelas persoas que reúnan as condicións para o acceso ó centro.

Tercero.-

O Complexo Residencial "Monticaño" é un centro que ofrece 150 prazas de atención e vivenda permanente en réximen de aloxamento estable e común para persoas maiores con distintos estados, no que se presta asistencia integral e continuada e que se planifica según os seguintes niveis:

- Asistidos: para persoas que necesitan seguemento ou atención continuada para a realización das actividades da vida diaria e que polas súas circunstancias familiares, sociais ou económicas non poden ser atendidos nos seus propios domicilios.
- Semiasistidos

Cuarto.-

De xeito complementario, o complexo residencial ofrece 24 apartamentos tutelados dirixidos a persoas maiores válidas que, aínda podendo continuar as súas actividades cotiáns, precisan e optan pola utilización de servizos comúns que se ofrecen dentro do recurso como alternativa ó desamparo e anomia que poidan sufrir. O réximen utilizado nestes casos é o de aluguer.

Quinto.-

O Complexo Residencial "Monticaño" leva a cabo as seguintes prestacións de servizos:

- Aloxamento
- manutención e coidado persoal
- Atención médica xeriátrica
- Enfermería
- Rehabilitación, recuperación e terapia ocupacional
- Atención social
- Servizos complementarios: aqueles que se diseñan para mellorar e complementala atención ós maiores (servizos culturais e recreativos, perruquería, podoloxía, fisioterapia, transporte,...).
- Poden planificarse servizos que se poden compatibilizar cos inicialmente ofertados:
 - Estancias temporais: períodos de corta estancia para paliar situacións de necesidade condicionante: hospitalización ou enfermidade da persoa coidadora habitual, viaxes de familiares coidadores, peche provisional do recurso de apoio habitual, altas hospitalarias, períodos de rehabilitación, respiro familiar.

- Atención diurna: prestación de atención integral durante a xornada diurna para ancian@s que contan cun medio familiar suficiente ou un entorno social sustitutorio pero que pola falta de suficiente autonomía personal precisan dunha forma de asistencia individualizada que palíe situacións de deterioro físico, psíquico ou social.

CAPÍTULO 3: DEREITOS E DEBERES

Sexto.-

Tal e como se define na Lei 4/1993, de 4 de abril, de servicios sociais (artigo 34º), @s usuari@s dos centros prestadores de servicios sociais están vinculad@s polos seguintes dereitos e deberes:

- **DEREITOS:**
 - O acceso ó centro e a recibir asistencia sen discriminación por razón de sexo, raza, relixión, ideoloxía ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
 - A consideración e respecto á dignidade da persoa tanto por parte do persoal como d@s demáis usuarios.
 - O sigilo profesional en relación cos datos do historial sanitario e social.
 - A realizar saídas ó exterior.
 - A manter relacións interpersoais, incluído o dereito a recibir visitas.
 - A asistencia individualizada acorde coas súas necesidades específicas
 - Á intimidade persoal en función das condicións estruturais do centro.
 - A que se lle facilite o acceso á atención social , sanitaria, educacional, cultural e xeral e a cobertura de tódalas necesidades persoais que sexan precisas para conseguilo seu desenvolvemento integral.
 - A deixar de usalos servicios ou a abandonalo centro por vontade propia.
 - A asociarse co obxecto de favorecer a súa participación na programación e no desenvolvemento de actividades que no propio centro se organicen.
 - A formular queixas, reclamacións ou suxerencias sobre calquera aspecto do centro a través dos cauces establecidos ó efecto (representantes, buzóns de suxerencias e queixas, dirección do centro).
- **DEBERES:**
 - O cumprimento das normas sobre utilización do centro ou servicio establecidas.
 - A observancia dunha conducta inspirada no mutuo respecto, tolerancia e colaboración encamiñada a facilitar unha mellor convivencia.
 - A colaboración na realización de determinadas tarefas que sirvan para melloral a súa autonomía persoal e participación na vida do centro.
 - Axustarse ás prescricións derivadas dos programas de atención e cuidados que se lle proporcionen.
 - Coidado dos bens persoais.
 - Declarar calquera variación dos seus ingresos que poida repercutir no abono do precio da praza.
 - O abono puntual da contía que corresponda pola ocupación da praza.

Séptimo.-

As especiais características do recurso regulado na presente normativa, fan obrigatorio que, ademais dos dereitos e deberes xerais dos centros prestadores de servicios sociais, deben regularse aqueles outros específicos de aplicación ás situacións que así o requiran:

- O ingreso, permanencia e saída do centro respectarase a vontade d@ usuari@ ou do seu representante legal no caso de maiores incapacitados sendo, neste último caso, necesaria a pertinente autorización xudicial.
- En caso de urxencia, o ingreso poderá levarse a cabo previos os trámites xudiciais correspondentes.

- Cando a incapacidade sexa sobrevida logo do internamento, os responsables do centro deberán poñelo en coñecemento, de forma inmediata, da autoridade xudicial para os efectos que se deriven da aplicación do Código Civil.

CAPÍTULO 4: NORMAS XERAIS

Octavo.-

As normas xerais de aplicación no centro rexirán e serán de aplicación en tódalas intalacións consideradas como propias do complexo residencial e son as seguintes:

- Nas zonas de uso común, utilizarase a indumentaria adecuada e manterase a correcta hixiene personal.
- O uso e disfrute das zonas e servicios comúns, instalacións e mobiliario dos centros será o que corresponda ás características dos mesmos, realizando cada actividade nos lugares habilitados para elas e según os horarios e normas establecidos.
- A manipulación de aparatos será realizada únicamente polas persoas autorizadas pola dirección nas zonas de uso común.
- Con carácter xeral, non se permitirán animais domésticos nos centros salvo nos supostos excepcionalmente autorizados expresamente.
- Non se poderán ofrecer regalos ó persoal do centro nin practicar peticións de donativos ou similares.
- Por razóns de saúde, hixiene, seguridade ou outra causa xustificada, a dirección do centro poderá acordar que se revisen as habitacións, armarios e, no seu caso, apartamentos dos residentes, sempre en presenza do interesado e dun membro dos órganos de participación constituídos.
- Os residentes deberán solicitar autorización á dirección do centro para instalar mobiliario persoal ou para modificala distribución do existente.
- Non poderán realizarse modificacións arquitectónicas nos apartamentos nin habitacións.
- Para o uso de aparatos que produzan ruído e que non estén previamente instalados, deberá existir autorización expresa sempre concedida en función da incidencia ou perturbación no centro e respetando os períodos de descanso.
- Como norma xeral, facilitarase roupa de cama e toallas para uso persoal dos residentes. Non obstante poderase autorizalo uso de lencería propia.
- Non están permitidos nas habitacións os alimentos perecedeiros ou calquera outros que incidan negativamente na hixiene e limpeza elementais.
- Utilizaranse os servicios de lavandeiría para a limpeza das prendas persoais, non podendo emplearse calquera outro espazo nas habitacións para lavado e secado.
- Co fin de evitar pérdidas e de facilitalo reparto posterior ó lavado, a roupa será marcada según as instrucións que no propio centro se notificarán @s usuari@s.
- Non está autorizada a tenencia e utilización de aparatos que poidan supoñer riscos de incendios, nin sustancias tóxicas ou inflamables.
- Non se poderá instalar mecanismos de peche accesorios ós existentes en portas e fiestras, nin deben obstaculizarse as entradas ou saídas .
- O menú confeccionado polo centro farase público semanalmente.
- Serán de obrigado cumprimento os horarios de comedor.
- No caso de que os residentes non desexen facer uso do servico de comedor, deberán comunicalo coa antelación suficiente para que non se produzan trastornos no desenvolvemento do servico.
- Salvo casos excepcionais por prescripción facultativa, as comidas serviranse no comedor.
- O acceso e permanencia no comedor está reservado exclusivamente ós residentes, salvo cando se autorice por razóns concretas definidas previamente.
- Non está permitido introducir ou sacar do comedor alimentos ou utensilios.
- As anomalías que se observen no funcionamento dos elementos e instalacións deberá notificarse a persoa que se asigne ó efecto.
- Deberá ser notificada á dirección ou persoa na que delegue, calquera ausencia prolongada ou o pernocte fora da residencia .En todo caso, a ausencia por duración superior a catro días deberá ser autorizada pola dirección.

- As ausencias voluntarias por períodos que excedan de 45 días, suporán a anulación da inscrición e da reserva de prazas.
- Con independencia da natureza e duración das saídas, @s residentes con control de enfermería continuado, deberán ser informados previamente polos profesionais ó seu cargo sobre a conveniencia ou non da saída. Non obstante, a decisión última e a responsabilidade sobre a mesma corresponderá ó residente, si tivese plenitude de facultades ou, no seu caso, ó familiar ou responsable da saída.
- Como norma xeral, é responsabilidade do centro a limpeza das habitacións no horario que a tal efecto se determine. Non obstante, os residentes que se atopen aptos para facelo e manifesten o desexo de realizalo, poderán colaborar nesas tarefas.
- A efectos de facilitación do traballo, @s residentes e familiares deberán absterse de usalas dependencias durante o horario de limpeza.
- No caso de que se poña en funcionamento servizo de cafetería, deberán respetarse os horarios de apertura e peche. Así mesmo, e previa prescrición ó respecto, poderá denegarse o consumo de determinados produtos a aquel@s residentes que presenten problemas de saúde ou por causas xustificadas.
- As visitas @s residentes, en habitacións ou fora delas, realizaranse respetando estritamente os horarios e condicións determinadas.
- Os visitantes comunicarán a súa entrada e saída no servizo correspondente e manterán o respecto das liberdades e dereitos d@s residentes, en especial no relativo a súa privacidade e intimidade.
- No caso de que @s visitantes despracen a residentes con control de enfermería, deberán notificar a que zonas do centro se trasladan.
- As visitas ás instalacións por entidades ou persoas xurídicas ou o desenvolvemento de actividades no centro, deberán estar expresamente autorizadas pola administración que posúe a responsabilidade e propiedade do centro.
- No centro estruturaranse órganos de participación e representación a través da constitución das asembleas xerais e xuntas correspondentes.

CAPÍTULO 5: ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

Noveno.-

A organización e funcionamento do centro garantirán os dereitos fundamentais e axustaranse ós seguintes principios:

- Integración do residente no centro e no seu entorno social desde o momento do seu ingreso.
- Fomento da normalización entendida como desenvolvemento dun estilo de vida similar á do entorno de referencia.
- Atención ás necesidades básicas dos residentes que garantan o máximo de autonomía persoal.
- Respeto da individualidade, intimidade e trato diferenciado.
- Participación e coresponsabilidade dos profesionais no seguemento da evolución dos usuarios.
- Servizos de Administración.

Décimo.-

O máximo responsable do funcionamento do centro é a Dirección , coas seguintes atribucións:

- Representación do centro
- Administración e xestión.
- Dirixir, coordinar e inspeccionalo funcionamento das distintas áreas funcionais e servizos do centro.
- Responsabilidade do desenvolvemento e execución dos diferentes programas e actuacións
- Velar polo respecto dos dereitos dos residentes

- Aqueloutras que lle foran encomendadas que resulten necesarias para o bo funcionamento do centro.

Undécimo.-

Para a optimización do funcionamento interno, o centro articularase organizativamente en áreas e unidades con funcións definidas para cada unha e que son, de forma xeral, as seguintes:

- Área de servizos xerais: con responsabilidades en almacenaxe, control, comunicación, vixilancia, cociña, comedor, mantemento, lavandeiría e limpeza.
- Área de administración e técnico-asistencial: con responsabilidade en administración, atención sanitaria e farmacolóxica, apoio persoal e social

Duodécimo.-

O centro establece un sistema de recepción e acollida dos residentes co fin de que a adaptación sexa o máis rápida posible, facilitando a superación dos problemas iniciais. Para iso, artículase do seguinte xeito:

- Procederase a informar @s nov@s residentes dos servizos e normas básicas de funcionamento do centro.
- Abrirase expediente persoal individualizado que conterá:
 - Expediente de ingreso
 - Ficha de ingreso asinada
 - Aceptación das normas reguladoras de funcionamento asinada.
 - Documentos complementarios
 - Ficha de datos persoais e familiares coa a apertura do historial social correspondente.
 - Ficha de recoñecemento médico coa apertura de historial médico e de enfermeiría.

CAPÍTULO 6: BENEFICIARIOS

Decimotercero.-

Poderán ser beneficiarios, de xeito xeral, os que presenten as seguintes circunstancias:

- Persoas con 65 anos cumpridos ou, excepcionalmente, maiores de 60 anos que presenten grado de autonomía limitado e que pola súa situación persoal ou social precisen das atencións que se ofertan.
- Cónxuxe ou persoa coa que conviva habitualmente en forma análoga á marital
- Os familiares por consanguinidade ata o primeiro grao ou por consanguinidade colateral ata o segundo grao, cando exista dependencia respecto do solicitante, e non se teñan obtidos recursos axeitados as súas necesidades.
- Residencia na Comunidade Autónoma polo período mínimo que estipule a normativa autonómica.
- Non padecer enfermidades infectocontaxiosas nin calquera outra que requira atención permanente e continuada en centro hospitalario.
- Non padecer trastornos de conducta que poidan perturbar gravemente a convivencia no centro.
- Superalos criterios de acceso: persoais, sociofamiliares, sanitarios, económicos, vivenda,...
- Cumprir tódolos requisitos específicos que poidan estipularse.

CAPÍTULO 7 : TARIFAS E FINANCIACIÓN

Decimocuarto.-

@s usuari@s do centro contribuirán á financiación da praza según as condicións económicas que acrediten e que se valorarán de xeito individual aplicando os criterios que ó efecto se estipulan e tendo en conta os prezos aprobados pola administración.

Decimoquinto.-

O período impositivo coincidirá co mes natural, salvo cando se trate de inicio ou cese da prestación do servizo. Neste caso o período impositivo comenará ou finalizará, según corresponda, o día no que se produza o inicio ou cese.

Decimosexto.-

As cuotas determinadas pola aplicación de tarifas serán irreductibles. No caso de estancias temporais con períodos liquidatorios inferiores a un mes, o importe reducirase proporcionalmente ó número de días de estancia.

Decimoséptimo.-

Para as prazas dentro do complexo residencial para prazas en residencia, establécense as seguintes tarifas mensuais:

- Asistidos: 926,8 €/mensuais
- Semiasistidos: 481 €/mes

Decimoctavo.-

Cando @ adxudicatari@ acredite a percepción de pensión de xubilación na modalidade de non contributiva e, mediante a documentación correspondente, se comprobe que non percibe ningún outro tipo de ingresos, e o solicitante non teña posibilidade de acceder a vías de cofinanciación, o custo da praza a abonar pol@ beneficiari@ será de 245,20 € mensuais, debendo aplicarse o custo ás 14 pagas que se perciben..

Decimonoveno.-

Para as prazas de aluguer en apartamentos, estarase ó disposto no Decreto 199/ 2002, de 6 de xuño, polo que se establecen as axudas públicas en materia de vivenda a cargo da Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a xestión das previstas no Real Decreto 1/2002, do 11 de xaneiro , según as condicións de acceso que no mesmo se regulan e tendo a consideración de aloxamentos declarados protexidos destinados a persoas maiores de 60 anos sempre que os seus ingresos ou os da unidade familiar non superen 5,5 veces o SMI. O artigo 24º do Decreto resañado, estipula as condicións dos arrendamentos que deben aplicarse en función da situación sociofamiliar dos arrendatarios. A duración e prórrogas dos contratos de aluguer rexeráse polo establecido na vixente lei de arrendamentos, coas variacións que no mesmo se concreten.

Vigésimo.-

Cando se oferten servizos de estancias temporais ou atención diurna, as tarifas estableceranse polo Pleno da Corporación previo informe técnico e proxecto específico que se achegará no que se concretarán as condicións de acceso, perfil d@s usuari@s, custos, vías de financiación e persoal.

Vigésimo primeiro.-

O pago do precio esixirase en réximen de autoliquidación da seguinte forma:

- A primeira mensualidade cando se formalice a inscrición.
- As restantes mensuralidades durante os dez primeiros días de cada mes.

O pago efectuarase mediante domiciliación bancaria a cargo do titular da conta designada para o cobro da pensión.

O impago suporá a anulación da inscrición.

Vigésimo segundo.-

As prazas conveniadas a través de documento suscrito coa Consellería responsable do Goberno da Comunidade Autónoma suporá a reserva das mesmas e a súa ocupación está sometida ás condicións que a mencionada administración estipule. Dentro do complexo residencial, terán prioridade os convenios dirixidos a cubrir prazas destinadas á atención integral das persoas con graves afeccións físicas, psíquicas ou sensoriais que lles impidan realizar os actos elementais da vida diaria e necesiten axuda dunha terceira persoa.

Vigésimo tercero.-

Para aquelas prazas que se convenien, será a administración autonómica a que establece o prezo da praza/día según criterios previamente establecidos (situación do inmovible, equipamentos, persoal, tipoloxía dos servizos, calidade na atención,...).

Vigésimo cuarto.-

Para as prazas conveniadas coa Administración Autonómica, os beneficiarios participan no financiamento do custo da praza mediante abono do 75% no caso de usuari@s de residencias e do 60 % no caso de apartamentos tutelados. O cómputo realízase según os seus ingresos totais mensuais percibidos, excluíndose as gratificacións extraordinarias. En ningún caso a aportación poderá superar proporcionalmente a cantidade fixada como custo da praza/día.

Vigésimo quinto.-

As prazas reservadas son aquelas que están asignadas a un/unha beneficiari@ pero que non está ocupada por causas xustificadas (internamento hospitalario,...) sendo o seu custo o 30 % do estipulado para a ocupación de praza.

Vigésimo sexto.-

A delegación correspondente, logo da xustificación das cantidades pagadas polos beneficiarios, procederá ó abono da diferenza entre a cantidade satisfeita e o custo da praza.

Vigésimo sétimo.-

As ausencias dos residentes, voluntarias ou obrigadas (internamentos en centros especializados), de duración igual ou inferior a catro días por mes, non minorarán o importe da cuota. A partir do quinto día, e sempre que sexa por causa xustificada e previa autorización da dirección, a contía reducirase ata un 30% aplicado a eses días e imputado ó que resultaría do custo diario establecido.

CAPÍTULO 8: FALTAS E SANCIÓN

Vigésimo octavo.-

Terán a consideración de faltas as que se clasifican a continuación con determinación da súa gravidade:

- **FALTAS LEVES:**
 - Promover ou participar en discusións alteradas ou violentas que perxudiquen a convivencia.
 - Faltar levemente ó respecto ó persoal do centro, @s residentes ou visitantes.
 - Alteralas normas de convivencia e respecto mutuo no centro.
 - Pernoctar fora do centro sin previa comunicación e sin o permiso correspondente.
 - Utilizar de forma inadecuada as instalacións, medios e servizos do centro.
- **FALTAS GRAVES:**
 - Reincidencia en faltas leves.
 - Faltar gravemente ó respecto ó persoal do centro, @s residentes ou visitantes.
 - Ocasionar danos graves nos bens do centro.
 - Causar prexuízos notorios ó normal desenvolvemento dos servizos ou á convivencia do centro.
 - Utilizar en habitacións ou apartamentos aparatos ou ferramentas non autorizados.
 - Ausentarse por período superior a catro días sin previa autorización da Dirección.
 - A demora inxustificada dun mes no abono da estadía.
 - Incumplilas normas establecidas no presente regulamento.
- **FALTAS MOI GRAVES:**
 - Reincidencia en faltas graves.
 - A agresión física ou os malos tratos ó persoal do centro, resto de residentes ou visitantes.
 - A sustracción de bens do centro, do persoal, do resto de residentes ou visitantes.

- Ocasionar danos moi graves nos bens ou instalacións do centro.
- A embriaguez habitual que perturbe a convivencia no centro.
- A demora inxustificada de dous meses, alternos ou sucesivos, no abono da estadía.

Vigésimo noveno.-

Prodúcese reincidencia cando o responsable da falta xa fora sancionado mediante resolución firme pola comisión doutra falta da mesma natureza no prazo de tres meses no caso de faltas leves, seis meses para as graves e nove meses para as moi graves, a contar desde a notificación daquela.

Trigésimo.-

A prescrición de faltas estipúlase nos seguintes prazos:

- Faltas leves: 3 meses.
- Faltas graves: seis meses.
- Faltas moi graves: nove meses.

O prazo empezará a contar desde o día en que a falta se tivera cometido e poderá interromperse por calquera acto propio do expediente ou preliminar que poidera instruírse e, no seu caso, sempre que a duración deste non supere o prazo de nove meses sin mediar culpa d@ residente interesado.

Trigésimo primeiro.-

Sin prexuízo doutras responsabilidades a que houbera lugar, as sancións a aplicar @s residentes que incurran nalgunha das faltas sinaladas son as seguintes:

- Por faltas leves:
 - Amonestación privada, verbal ou escrita.
 - Suspensión dos dereitos de residente por un período inferior a quince días
- Por faltas graves:
 - Suspensión dos dereitos de residente por un período superior a quince días e inferior a dous meses
 - Traslado temporal a outro centro por un período non inferior a quince días e ata dous meses cando a administración competente así o permita.
- Por faltas moi graves:
 - Suspensión dos dereitos de residente por un período de dous a seis meses.
 - Traslado temporal a outro centro por un período de dous a seis meses cando a administración competente así o permita.
 - Traslado definitivo a outro centro cando a administración competente así o permita
 - Expulsión do centro.

CAPÍTULO 9: PROCEDEMENTO SANCIONADOR

Trigésimo segundo.-

As sancións por faltas leves serán impostas pola dirección do centro.

Trigésimo terceiro.-

As sancións por faltas graves e moi graves serán impostas pola Grupo Mixto de Seguemento nomeado ó efecto, previa proposta pola dirección do centro.

Trigésimo cuarto.-

Nos casos de risco inmediato para a integridade física d@s residentes ou do persoal do centro, a dirección poderá, mediante decisión motivada, adoptar as medidas cautelares que resulten necesarias para aseguralo mantemento da seguridade nas instalacións.

Trigésimo quinto.-

A imposición de calquera sanción deberá vir precedida da audiencia ó/á interesado/a e á Xunta de Residentes que emitirá informe sobre a mesma.

Trigésimo sexto.-

Calificadas as infraccións, as sancións graduaranse tendo en conta: grado de intencionalidade, natureza dos prexuízos causados, reincidencia, negligencia, circunstancias personais, gravidade dos feitos, actitude do infractor.

Trigésimo séptimo.-

O procedemento a aplicar será o seguinte:

1. Recibida a denuncia ou téndose coñecemento da comisión da falta, a dirección do centro realizará a primeira comprobación para analizar a veracidade e gravidade da mesma.
2. Notificarase de forma inmediata á Xunta de Residentes calquera feito tipificado como falta disciplinaria.
3. Incoarase expediente disciplinario para as faltas consideradas como graves ou moi graves, remitíndose a documentación á administración correspondente para o prazo de audiencia ó/á implicado/a e a Xunta de Residentes.

Trigésimo octavo.-

O presunto responsable terá constancia por escrito dos feitos que se lle imputan, das infraccións que implican e das sancións que poideran aplicarse.

Trigésimo noveno.-

O órgano correspondente porá en coñecemento do interesado, da dirección do centro e da Xunta de Residentes da resolución adoptada no expediente disciplinario iniciado.

Cuadragésimo.-

Contra a sanción imposta, e sen prexuízo das accións civís ou penais que se inicien, poderá interpoñerse recurso ordinario ante a administración responsable.

Cuadragésimo primeiro.-

As sancións impostas @s residentes serán rexistradas no expediente persoal unha vez que sexan firmes. Quedarán canceladas, salvo nos casos de expulsión do centro, sempre que a dirección e a Xunta de Residentes consideren que a persona sancionada observa un normal funcionamento durante os períodos que se especifican contados desde a data en que finalice a sanción imposta:

- Sancións por faltas leves: tres meses.
- Sancións por faltas graves: seis meses.
- Sancións por faltas graves: nove meses.

En todo caso, as persoas sancionadas por faltas graves ou moi graves non poderán exercelo sufraxio activo nin pasivo nos procesos electorais mentras non se cumpran os prazos establecidos como de cancelación dos rexistros.

DISPOSICIÓN FINAIS

Cuadragésimo segundo.-

O presente Regulamento terá vixencia ata que se deban incorporalas variacións derivadas da aprobación de lexislación reguladora e para a revisións das tarifas establecidas en función das subidas que deban aplicarse anualmente.

Cuadragésimo terceiro.-

O Pleno da Corporación revisará tódalas emendas e variacións que se efectúen e engadiranse o Regulamento como ADDENDAS".

En Arteixo, a 25 de setembro de 2003.

O ALCALDE

Por Delegación resolución 1009/03

Asdo.: ISABEL VILA VILAS
PRIMEIRA TENIENTE DE ALCALDE